

**10/05/16**  
**REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL**  
**LOURIZÁN**

**ASISTENTES:**

- Asociación de veciños Estriceres
- Comunidade de Montes
- ANPA Ceip a Carballeira
- ANPA Ceip Sagrado Corazón de Praceres
- San Andrés CF
- Asociación cultural Pousos da Area
- Asociación de mulleres rurales ARMEL

O concelleiro delegado da parroquia Demetrio Gómez reúne cos membros do consello parroquial de Lourizán coa seguinte orde do día:

1. Recollida de datos para a recollida do lixo
2. Seguimento do plan de parroquia
3. Relación obras que se farán na parroquia entre a primaveira e o verán
4. Varios

**1.- Recollida de datos para a recollida do lixo**

A proceso para a nova recollida do lixo está en marcha. Necesítase un reconto de vivendas (ocupadas todo o ano, valeiras e ocupadas parte do ano), así como o número de veciños total.

O reconto será na parte rural da parroquia e barrio por barrio.

**2.- Seguimento do plan de parroquia**

**FONTES**

Plantexan un cambio no plan de arranxo de fontes. A prioridade n.º 1 será a Fonte das Salgueiras (campo da festa). Ten filtracións de auga no muro o que provoca que o chan colla musgo co conseguinte perigo de esbaramento.

**PISTAS**

Seguen máis ou menos igual

**ÁREAS RECREATIVAS**

O consello parroquial quere a seguinte orde:

1. Área na zona do Scalextric. Como pertence a Fomento queren que o Concello

- faga de intermediario para o seu acondicionamento.
2. Área da Gandarela
  3. Área dos Praceres

### EQUIPAMENTOS

Os asistentes trasladan ao concelleiro a necesidade de que o equipamento da casa de cultura de Estribela se faga nun ano en vez de en tres, e que se realice o antes posible.

Os demais equipamentos queren que se faga na seguinte orde:

1. Campo de fútbol
2. Nichos do cemiterio
3. Centro social en Praceres cun centro de día
4. Ludoteca
- 5.

### PISTAS

Éste é o punto de maior discrepancia xa que obras como a pista de Agrovello ou o arranxo da praza dos Praceres estaban para realizar máis adiante no plan parroquial e estanse facendo as primeiras.

A carretera da Carballeira (Regueiriño) está xa contratada a EC Casas. Hai que fixar unha data para vir a empresa a falar cos veciños.

### **3.- Obras que se farán na parroquia entre a primaveira e o verán**

- Acondicionamiento de esplanada nos Praceres
- Reparación de Camiño nas Nogueiras
- Reparación de camiño en Martín Raxo
- Mellora da accesibilidade na rúa Areal
- Mellora da accesibilidade no Cabo
- Reparacións do firme na contorna da Igrexa dos Praceres
- Calmado de tráfico con lombos fronto ao Ceip da Carballeira
- Reparación do firme na Carballeira

### **4.- Varios**

- Na zona do Rial hai sempre numerosas deficiencias debido ó mal estado das tuberías do alcantarillado producendo numerosas inundacións de augas fecais en dúas vivendas da zona.
- Arranxar a rúa do Piñeiral
- A Xunta pediu un listado de pistas no rural do Concello para acondionalas. O tramo da parroquia solicitado é o tramo que vai dende a gasoleira ata Marín, que teña o mesmo trato que a rúa de Rosalía de Castro.
- Costas dou permiso para explanar a zona do campo de fútbol
- O consello parroquial solicita ó concello que faga os trámites necesarios para evitar que unha veciña do Regueiriño se apropie dun terreo de titularidade municipal. O 30 de maio vence o prazo de 20 anos de usufructo do mesmo para que ella se faga coa titularidade. O tema está en mans dos servizos xurídicos con Concello
- Necesítanse na parroquia máis colectores para a recollida de lixo selectiva.

